
ILUMINACIÓNS

XOVES 5 FEBREIRO 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Agata Zajac, directora

Silvia Rozas Ramallal, frauta

CONVERSANDO CON... Agata Zajac,

Silvia Rozas Ramallal e Helena Cánovas Parès

Sala Mozart, 19.45 h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

I.

HELENA CÁNOVAS PARÈS (1994)

Time painting*

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Concerto para frauta núm. 1 en Sol maior, KV. 313
(285c)

Allegro maestoso

Adagio non troppo

Rondo: Tempo di menuetto

II.

FRANCIS POULENC (1899-1963)

Sinfonietta

Allegro con fuoco

Molto vivace

Andante cantabile

Finale: Prestissimo et très gai

* Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Ildiko Oltai
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Michal Ryczel

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi
Helena Sengelow

VIOLAS

Ionela Ciobotaru *
Anne Schlossmacher
Iriana Fernández
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Millán Abeledo *
Manuel Lorenzo **
Thomas Piel
Fabio Arias

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTS

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

ARPA

Bleuenn Le Fric

AGATA ZAJĄC

DIRECTORA

Agata Zając é unha das directoras novas máis salientables da música clásica polaca. Comezou a súa traxectoria musical como violinista antes de completar os seus estudos de dirección na Academia de Música de Poznań. Tras graduarse en 2020, Agata acadou rapidamente recoñecemento internacional, obtendo prestixiosos postos de dirección. Entre eles figuran o de Mills Williams Junior Fellow in Conducting no Royal Northern College of Music de Manchester, o de directora asistente de Ludovic Morlot na Orquestra Simfònica de Barcelona i Nacional de Catalunya, e o de Conductor Fellow da NDR Elbphilharmonie Orchester de Hamburgo.

Establecida actualmente no Reino Unido, desenvolveu unha

dinámica carreira internacional como directora convidada. Entre os seus compromisos recentes inclúense actuacións con formacións de gran prestixio como The Hallé, a Camerata de Manchester, a Britten Sinfonia, a Grazer Philharmoniker, a Orchestre national de Metz, a Orchestre de Picardie e a Orchestra Sinfonica di Sanremo, así como a dirección de destacadas orquestras polacas como a NOSPR de Katowice e as Filharmónicas de Szczecin, Poznan e Opole.

Zając participou en numerosas clases maxistras de dirección de gran prestixio, nas que estudou con mestres recoñecidos como Paavo Järvi, Jorma Panula, Johannes Schlaefli, Mark Heron, Antony Hermus, Marin Alsop e Peter Eötvös. En 2023 foi

seleccionada como Conducting Fellow no Tanglewood Music Festival, onde dirixiu unha serie de concertos baixo a mentoría de Andris Nelsons, director musical da Boston Symphony Orchestra. Entre a súa formación previa inclúense a Tonhalle Conductors' Academy (2022), a Gstaad Conducting Academy (2021) e a NOSPR Conducting Academy (2021).

Nos primeiros anos da súa carreira, Zajac exerceu como directora asistente na Warsaw Chamber Opera (2018–2019) e posteriormente ocupou o cargo de directora residente tanto na Toruń Symphony Orchestra como na Sudeten Philharmonic.

O seu talento foi recoñecido en diversos concursos internacionais,

e obtivo, entre outros, o Segundo Premio e o Premio do Público no Siemens Hallé International Conductors Competition de 2023. Tamén recibiu distincións especiais no Malta International Conducting Masterclass and Competition (2018) e no International Conducting Competition Città di Brescia (2021). Ademais, foi galardoada cunha bolsa polo Ministro de Cultura e Patrimonio Nacional de Polonia e posúe o título de Membro Asociado do Royal Northern College of Music.

SILVIA ROZAS RAMALLAL

FRAUTA

Silvia Rozas Ramallal é frauta solista da NDR Radiophilharmonie desde agosto de 2025 e anteriormente ocupou o mesmo posto na Orquestra da Ópera de Hannover e na Badische Staatskapelle Karlsruhe.

Colabora regularmente como convidada noutras orquestras como a Ópera Estatal de Hamburgo, a Ópera Cómica de Berlín, a Ópera Alemá de Berlín, o Teatro Estatal de Wiesbaden ou a Orquestra del Palau de les Arts de Valencia. Foi academista na Ópera Alemá de Berlín e na Sinfónica de Hamburgo, e tamén membro da European Union Youth Orchestra, da Joven Orquesta Nacional de España e da Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia.

Actualmente, cursa o seu mestrado na Universidade das

Artes de Berlín baixo a tutela de Christina Fassbender. Tras o paso polo Conservatorio Superior da Coruña e pola Escola de Altos Estudos Musicais, múdase a Berlín aos 18 anos, onde obtén o seu título na Escola Superior de Música Hanns Eisler.

Silvia Rozas Ramallal foi galardoada en varios concursos internacionais, como o Deutsche Musikwettbewerb 2021, o I Concurso Euroflute, o IV Concurso Internacional de Frauta Maxence Larrieu de Niza, o IV Concurso Fautístico Internacional "Severino Gazzelloni" e o XIII Premio Internacional Andalucía Flauta. Recibiu bolsas da Fundación Repsol, da Deputación da Coruña e da Deutschlandstipendium.

NOTAS AO PROGRAMA ILUMINACIÓN

Esta noite a Real Filharmonía presenta un concerto titulado «Iluminacións» no que teremos ocasión de escoitar un variado programa que inclúe unha estrea da serie cometas, *Time Painting* de Helena Cánovas (1994), o *Concerto para frauta núm. 1 en Sol M KV 313* de Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791) e a *Sinfonietta* de Francis Poulenc (1899-1963).

Helena Cánovas Parès naceu en Tona (Barcelona) en 1994. A súa formación como compositora iníciase no Conservatorio Superior de Zaragoza, onde en 2017 remata o Grao en Composición, desfrutando no último curso da carreira dunha bolsa para a residencia artística «FUGA» no ETOPIA Centro de Arte e Tecnoloxía da cidade. Posteriormente, trasládase a Colonia, lugar no que reside actualmente, onde cursa dous mestrados: en Composición-Música Instrumental e en Composición-Música Electrónica na Universidade

de Música e Danza. Ao longo dos últimos anos ten recibido distintos galardóns como a Beca Artística de Vic (2019), Premio D-bü (2020), Premio Europeo Carmen Mateu Joven Artista da Fundació Castell de Peralada (2021), bolsa Neustadt Kultur (2022), bolsa da Akademie Musiktheater Heute (2022-2024) e un nomeamento aos Premios Internacionais de Ópera 2025 coa súa obra *Don Juan no existe*. Ademais recibiu encargos de institucións como L'Auditori de Barcelona, a Filharmónica de Essen ou o Teatro Bielefeld. Cánovas presenta un estilo variado que bebe de influencias interdisciplinarias como o cine, a pintura e a literatura. A nivel profesional combina a composición co comisariado, a educación e a divulgación, e actualmente é profesora invitada de Composición na ESMUC (Escola Superior de Música de Catalunya) e profesora da Westfälische Wilhelms-Universität Münster.

A obra que hoxe nos presenta leva por título *Time painting*. A compositora catalá explica que a creación dunha peza nova é para ela algo así como «a continuación dun momento vivido, dunha inspiración, de algo que xa estaba aí antes». Así mesmo, engade que «para este encargo tan especial, no que celebramos os 30 anos de percorrido da Real Filharmonía de Galicia mirando cara ao futuro, quixen facer a miña propia lectura musical, en forma dunha obra de orquestra, dunha das pezas de Yoko Ono contidas en *Grapefruit*: "Time Painting"». A artista conceptual publicara en 1964 este libro no que recolle unha serie de obras musicais, pinturas e *performances* que en realidade non existen, senón que están capturadas en forma de texto e suceden só na mente do lector. Recollemos a continuación as liñas do poema «Pintura de tempo» no que se basea a obra:

Facer unha pintura na que a cor
apareza só baixo certa luz
e certos momentos do día.
Facer que o momento sexa moi curto.

De seguido, daremos un salto no tempo ata o s. XVIII para escoitar o *Concerto para frauta núm. 1 en Sol M* KV 313 de Wolfgang Amadeus Mozart, unha das figuras máis importantes de toda a historia da música e membro da coñecida como Primeira Escola de Viena –etiqueta máis conceptual que real que agrupa aos tres principais autores do Clasicismo: Haydn, Beethoven e Mozart–. O autor d'A *Frauta Máxica* naceu en 1756 en Salzburgo e iniciouse nos estudos musicais co seu pai Leopold, recibindo unha formación académica e clásica. Foi considerado un neno prodixio e o seu proxenitor *paseou* o cativo polas cortes europeas amosando o talento do fillo. En 1769 comezou a traballar para o arcebispo Colloredo na súa cidade natal como violinista, pero uns anos despois abandonou o posto para intentar buscarse a vida de forma independente. A carreira como profesional libre non era fácil naquel momento e os músicos acostumaban a ser parte do servizo dunha casa nobre ou membro dunha capela eclesiástica ou civil (recordemos o caso de Haydn coa familia Esterházy).

Mozart remata morrendo de forma prematura en 1791 rodeado de graves problemas económicos. A pesar desta curta vida, o compositor salzburgués escribiu máis de 750 obras que mesturan influencias xermánicas italianas e francesas, abarcando todos os xéneros instrumentais e vocais da súa época.

O *Concerto para frauta núm. 1 en Sol M* KV 313 foi escrito en Mannheim entre o 25 de decembro de 1777 e o 14 de febreiro de 1778. O propósito que deu lugar a esta obra foi claro e práctico: gañar cartos de maneira urxente. Mozart chegara á cidade alemá ese mesmo mes de decembro acompañado da súa nai atraído pola importancia que adquirira a orquestra desta corte, considerada o berce da orquestra clásica e de xéneros como a sinfonía. Alí vai recibir un encargo dun adiñeirado holandés que era frautista afeccionado, M. De Jean, quen quería tres pequenos concertos fáciles e curtos e dous cuartetos para frauta. A suma por todo o traballo ascendería aos cen floríns, porén, había un pequeno problema: Mozart

non era moi amante da frauta como instrumento solista (chegou a dicirlle a seu pai nunha carta que detestaba este instrumento) e foise atrasando ata que os prazos se esgotaron, cumprindo só con parte da tarefa encomendada. Unha das obras que si fixo foi o concerto que hoxe nos ocupa, o cal finalmente resultou ser dunha esixencia non apta para afeccionados e para nada curto.

A obra está estruturada en tres movementos, como é norma nos concertos solistas da época: *Allegro maestoso*, *Adagio ma non troppo* e *Rondeau*. O primeiro presenta un esquema de sonata con tres partes (Exposición-Desenvolvemento e Recapitulación) e dous temas en cada unha das seccións extremas. A parte final da exposición é empregada por Mozart de maneira maxistral no desenvolvemento e ademais conta, como é habitual, cunha cadencia para o lucimento da solista sen a presenza da orquestra. O movemento lento, *Adagio ma non troppo*, ten un carácter tenro e melancólico agudizado polo emprego de sordinas nas cordas que

crean un doce colchón sonoro sobre o que cantará a frauta. Finalmente, *Rondeau. Tempo di minueto*, responde a unha forma rondó, na que un tema principal, que é interpretado inicialmente pola solista, volve unha e outra vez á maneira dun retroso, alternando con outros episodios variados.

Pecha o programa a *Sinfonietta* de Francis Poulenc. En Francia a música vaise mesturar coa política especialmente desde a guerra franco-prusiana de 1870-1871, cando comeza un sentimento antixermánico e unha visión da música francesa como a encarnación da identidade nacional. Xorden así diversas formas de reivindicación musical algunhas máis conservadoras como a Ligue de la Patrie Française (Liga da Patria Francesa) vencellada a Vincent d'Indy e á Schola Cantorum que pretenden recuperar a música dende a Idade Media ata 1789; e outras máis progresistas que poñen en valor a figuras como Berlioz e Saint-Saëns. A primeira guerra mundial agudizou estes sentimentos e os nacionalistas afirmaron que a música francesa

debía ser esencialmente clásica, como oposición ao romanticismo alemán. Este «neoclasicismo» vaise caracterizar polo emprego de xéneros e formas clásicas, harmonías tonais ou neotonais, a contención emocional e o rexeitamento dos excesos. Dentro do neoclasicismo francés houbo distintas tendencias, pero un grupo de compositores novos asimilou con forza esta influencia: *Les Six*. Este colectivo estaba formado por Arthur Honegger, Darius Milhaud, Germaine Tailleferre, Georges Auric, Louis Durey e o propio Francis Poulenc. O nome do grupo foi acuñado por un periodista como paralelo ao grupo nacionalista ruso «Os Cinco». Nun primeiro momento estes autores tomaron moita inspiración de Satie e foron apoiados por Cocteau. Pouco duraron como grupo e cada un dos membros, partindo iso si do neoclasicismo, tomou camiños distintos.

Poulenc naceu en París o 7 de xaneiro de 1899 e morreu o 30 de xaneiro de 1963. Foi discípulo do pianista catalán Ricardo Viñes, intérprete predilecto de compositores como Falla e Ravel.

Na súa formación como compositor recibiu o rexeitamento de autores como Dukas, Ravel ou Paul Vidal que non quixeron darlle clases. Durante a etapa inicial da súa traxectoria compositiva recibiu a influencia de Satie, ao igual que os seus compañeiros do chamado Grupo dos Seis tal e como indicamos liñas atrás. Unha das súas primeiras obras foi a *Rapsodia Negra* que lle valería unha gran fama, e que o postulou como un dos compositores máis prometedores de Francia con tan só 20 anos (o mesmo Igor Stravinski escribelle unha carta para felicitalo tras a estrea). Despois viría un segundo período no que estudou con Charles Koechlin, no que destaca o ballet *Les biches* e finalmente, unha etapa de madurez a partir de 1930 na que debemos situar a *Sinfonietta*. O estilo de Poulenc apoiouse especialmente na tradición da canción popular dos cabarés de París e as revistas, e tamén mostrou gusto pola sátira e a harmonía sinxela. Algúns dos seus traballos máis recoñecidos son *Les mamelles de Tiresias*, *Concert champêtre*, *Diálogos de Carmelitas*, *Stabat Mater* e numerosas obras de cámara.

A *Sinfonietta* é a única obra sinfónica do compositor e presenta características similares ás sinfonías clásicas como a claridade de liñas e o equilibrio formal. Foi escrita en 1947, nunha época de madurez e serenidade despois dun encargo da BBC de Londres. Nesta cidade estrearíase o 24 de outubro de 1948 pola Philharmonia Orchestra baixo a batuta de Roger Désormière. Trátase dunha pequena sinfonía, de aí o nome de *sinfonietta*, que intenta homenaxear a Haydn como xa fixera Prokófiev na súa *Sinfonía Clásica*. Consta de 4 movementos: *Allegro con fuoco*, con forma sonata; *Molto vivace*, un *scherzo* con esquema A B A; *Andante cantabile*, profundamente melódico e *Finale*, cun claro carácter rítmico.

Carne Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO
(EN)FOCO #2: PHILIP GLASS

VENRES 13 FEBREIRO (15€ xeral; 21€ con petisco)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
Sebastian Zinca, director
Kebyart, cuarteto de saxofóns

- Philip Glass: Company.
 - Philip Glass: Concerto Grosso. Estrea en España
 - Philip Glass: Concerto para cuarteto de saxofóns
-

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

